

Coñecemento da lingua. **Ortografía**

O uso da maiúscula

Na unidade anterior distinguimos entre nomes comúns e nomes propios. Estes últimos, ao referírense a entidades únicas, escribíense con maiúscula:

- No comezo dun texto e despois de punto.
- Despois dun signo de interrogación ou exclamación.
- Nomes propios de persoas (tamén apelidos, nomes familiares e alcumes), animais e de lugares (ciudades, países, ríos, montes...). Ex.: *María Pita, Águeda, o Carrabouxo, río Lor, serra do Suído*. Se o topónimo leva artigo, por exemplo *A Coruña*, este tamén se escribe con maiúscula a non ser que contraia cunha preposición (*Chega ás sete no tren da Coruña*).
- Nome das institucións. Ex.: *Parlamento de Galicia, Concello de Pontevedra*.
- Os títulos dos libros empregan a maiúscula na palabra inicial (*A esmorga, Cartas de inverno*) e ao resto das palabras do título aplícanse as regras xerais (*Das cousas de Ramón Lamote*). Pola contra, no caso de xornais e revistas ademais da primeira palabra, escribíense con maiúscula todas agás artigos e preposicións (*Praza Pública, A Nosa Terra*).
- As abreviaturas das formas de tratamento: *A Sra. María non está na oficina. Diríxome a Vde. para...*
- *Siglas: ESO, IES, UE, IVE.*
- Nos nomes das etapas históricas e de festividades: *As cantigas de amigo escribíronse durante a Idade Media. Xa vén aí o Nadal.*

Porén, non podemos empregar maiúsculas nos seguintes casos:

- As formas de tratamento non abreviadas: *A señora María, Diríxome a vostede.*
- O nome dos días da semana, das estacións, dos meses: *No mes de marzo comeza a primavera.*
- Os xentilicios e os nomes das linguas: *Fala chinés correctamente. Xavier Gómez Noya é un triatleta galego.*

Pon en práctica

1. Neste texto faltan as maiúsculas, emprégaaas correctamente.

de volta en vilalba, agapito landín ceou cos seus homes preto do parador e aproveitou o tempo para volver repasar polo miúdo todos os datos de que dispoñían. o tenente serafín álvarez nunca o vira tan obsesionado. temía un fracaso na súa terra? traballaba en madrid e nunca o percibira tan axitado, tan necesitado dunha resposta.

—témolo todo sobre un dos individuos —dixo o tenente para tranquilizalo.

—certo —recoñeceu o tenente—. temos o ADN, o grupo sanguíneo, a pegada dos zapatos e case todo o demais, pero...

C. REIGOSA. *A lei das ánimas. A novela da Santa Compañía*, (2010).



As maiúsculas tamén se acentúan: *África, Úrsula*.



Fíxate en que nas siglas non se usa punto entre as letras: DNI.

Pon en práctica

2. Localiza no texto do exercicio 1:

- a) Un nome de lugar.
- b) Un nome de persoa.
- c) Unha sigla.

3. Converte en siglas as seguintes expresións:

- a) Instituto Nacional de Industria
- b) Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia
- c) Documento Nacional de Identidade
- d) Número de Identificación Fiscal
- e) Universidade de Santiago de Compostela
- f) Organización Non Governamental

Coñecemento da lingua. Morfosintaxe

O adxectivo


Para comezar a estudar o adxectivo vas ter que pensar na resposta a esta pregunta:

Cales das seguintes características che parecen máis axeitadas para aplicarlle á túa aula? Amplia, luminosa, reducida, escura, opresiva, alegre, ordenada, agradable, limpa...

Se xa fixeches a túa elección, debes saber que as palabras que designan as calidades ou características dun substantivo son os adxectivos.

Os adxectivos precisan a forma, o tamaño, a cor e outros aspectos obxectivos do substantivo; e tamén expresan apreciacións de tipo subxectivo, é dicir, aquelas que teñen que ver cos gustos, intereses e sensibilidade de cada un.

No exemplo «**Ampla** aula **rectangular**» os adxectivos describen o tamaño e a forma da aula, mentres que o uso de adxectivos como **opresiva** ou **agradable** dependerá de como a vexa cada un de vós.



Pon en práctica

1. Clasifica os adxectivos segundo a información que proporcionan: *branco, áspero, fino, dourado, doce, metálico, salgado, poroso, suave, diminuto, escuro, picante, grosso, esvaradío, redondo, acedo, mouro, brando, lila, mesto, quente, frío, rugoso, espeso, terso, duro.*

Cor	Sabor	Tamaño, Forma, Materia	Tacto

2. Sinala o adxectivo que non garda relación cos demais.
 - a) enorme / colosal / comestible / inmenso xigantesco.
 - b) ousado / nervioso / atrevido / afouto / valente.
 - c) prehistórico / primitivo / antigo / vello / caloroso.
 - d) desagradable / antipático / noxento / abundante / detestable.
 - e) larpeiro / comellón / lapón / sensato / lambón.

3. Relaciona os adxectivos sinónimos presentes en cada columna.

pousón	chambón	estupefacto
atónito	triste	calmoso
trapalleiro	pachorrento	chafalleiro
espelido	perplexo	lizgaio
taciturno	listo	testalán
testudo	teimudo	melancólico

4. Aínda que algunhas estruturas formadas por **preposición + substantivo** poden desempeñar a mesma función, non debes confundilas cun **adxectivo**. Escribe os adxectivos correspondentes ás seguintes expresións:

a) Do mar	f) De metal
b) Da terra	g) De auga
c) De listas	h) De ferro
d) De Italia	i) De Ourense
e) Da nai	j) Da sociedade

Graos do adxectivo

Os adxectivos poden utilizarse en expresións comparativas e superlativas, ademais de na súa forma habitual. Isto é o que coñecemos como *graos do adxectivo*.

- **O grao positivo** expresa a calidade en si mesma: *ampla*.
- **O grao comparativo** consiste na comparación da mesma calidade entre dous substantivos. Hai tres formas de comparación posibles:
 - De inferioridade:
A aula de 1º B é menos ampla ca a de 1º A.
 - De igualdade:
A aula de 1º B é tan ampla coma a de 1º A.
 - De superioridade:
A aula de 1º B é máis ampla ca a de 1º A.
- **O grao superlativo** intensifica a calidade ao máximo de maneira absoluta ou relativa, como podes ver a continuación.
 - O superlativo absoluto fórmase de varias maneiras:
 - Engadindo os sufixos **-ísimo** ou **-érrimo** ao adxectivo: *amplísima*
 - Poñendo os adverbios **moi** ou **ben** diante do adxectivo: *moi ampla, ben limpa*.
 - Con prefixos engadidos ao adxectivo: *superampla, extrafino...*


No superlativo relativo, a calidade, intensificada co adverbio máis, compárase en relación cun grupo:

A aula máis ampla do instituto

Neste esquema de claves podes repasar as estruturas dos graos comparativo e superlativo.



Lembra que temos dúas posibilidades cando a partícula comparativa «**ca**» vai seguida de artigo: a) non contraemos: *É máis alta ca o irmán*; b) contraemos: *É máis alta có irmán*.



Pon en práctica

5. Forma os superlativos absolutos destes adxectivos das tres maneiras posibles.

- a) divertido
- b) fiel
- c) célebre
- d) amable
- e) comfortable
- f) pulcro
- g) cruel

6. Forma construcións de superlativo relativo a partir dos elementos dados completando a información como neste exemplo:

rapaza - deportista - clase: A rapaza máis deportista da clase é Irene.

- a) río - caudaloso - Europa:
- b) cidade - poboada - Asia:
- c) deserto - árido - mundo:
- d) montaña - elevada - África:
- e) animal - veloz - terra:

7. Clasifica os adxectivos do seguinte texto descritivo segundo o grao.

[...] Don Laureano Saco, o cura párroco, é un home ben curioso. Mentres come, fala sen parar e conta anécdotas e sucedidos, discute, engole as exquisitas viandas e envía chopos de viño sen pechar a boca. Aínda así está fraco, moi fraco, tan fraco como un home que pasase fame todo o ano. Seica sempre traga así e berra así. Veu montado nunha burra, coa sotana máis vella e raquítica do seu roupeiro, e máis cotrosa ca calquera roupa de labor; por baixo dela, que lle queda curtísima, uns pantalóns de pana dos que se ven as dobras raídas, e por riba o abrigo goldrento. Do colo do abrigo, por baixo da caluga, colga o paraugas negro, grande, con varas grosas, que trouxo por se chovía. Calza botas de coiro e leva, por fóra da sotana, unha bufanda amarela anoada ao pescozo.

X. MIRANDA, *Pel de lobo*, (2002). (adaptación).



Grao positivo	Grao comparativo	Grao superlativo

8. Escribe tres construcións comparativas de superioridade, tres de inferioridade e tres de igualdade.

A concordancia de xénero e número

A maioría dos adxectivos teñen variación de xénero (*amplo - ampla*) e número (*difícil - difíciles*) pero é o substantivo o que determina o xénero e o número do adxectivo (e doutras palabras que o acompañen). Establécense así relacións de **concordancia**.

- Se o substantivo está en singular, as palabras que dependen del estarán tamén en singular. O mesmo ocorre co plural.
- Se o substantivo é masculino ou é feminino as palabras dependentes toman ese xénero.

Fotografaron **uns animais salvaxes**.

Estas tardes tan curtas de inverno son **tristísimas**.

Os alumnos chegaron **cansos** da excursión.

Teñen **un gato** moi **simpático**.

Pon en práctica

- 9.** Subliña o adxectivo nestas frases e despois constrúe unha oración con cada unha.

- | | |
|----------------------|-----------------------|
| a) Paisaxe exótica | f) Cálida brisa |
| b) Rexistro policial | g) Axenda electrónica |
| c) Dicionario básico | h) Ordenador portátil |
| d) Peixe fresco | i) Preguiceiro gato |
| e) Pegada dactilar | l) Intensiva xornada |

- 10.** Emprega adxectivos para describir o aspecto xeral (vestimenta, partes do corpo...) desta meiguiña boa:

- 11.** Completa o texto cos seguintes adxectivos facendo as concordancias necesarias:

cubano, comunicativo, azul, mudo, corpulento, longo, áxil, verdadeiro, bo, lendario.

Un dos veciños do Martinete era un home _____, de _____ barbas. Coido que se chamaba Fidel, se cadra polos barbas da revolución _____. Era un _____ compañeiro de meu avó o carpinteiro. Entendíanse moi ben os dous en silencio. O operario do serradoiro vestía sempre unha funda _____ de traballo e tiña _____ aspecto de personaxe _____. Un ar de argonauta que perdera a fala nalgunha illa onde roubaban as palabras. _____ e _____ puña todo o seu corpo a producir signos cando quería expresar algo. Xa que logo, era o veciño máis _____ da contorna.

M. Rivas. *As voces baixas*, (2012). (adaptación).

